

Hanán Díaz, F. (2020). *Sombras, censuras y tabús en los libros infantiles*. Cuenca: Ediciones de la Universidad de Castilla-La Mancha. Colección Arcadia, 30. 151 páxinas.

Paraxes idílicos, encantadores animais falantes, príncipes e princesas virtuosos, castelos encantados e nenos inocentes. Fantasía por milleiros, maniqueísmo patente de principio a fin e xustiza poética que aseguran os manidos finais felices. Todos estes aspectos destacaron durante moitos anos nunha literatura infantil que perseguía obxectivos extraliterarios relacionados coa Pedagogía. Impúxose como obxectivo principal a transmisión de valores morais tradicionais e xeneralizouse a crenza de que traspasar as fronteiras dos mundos de luz consagrados nos contos infantís podería resultar inícuo para os pequenos.

Fanuel Hanán Díaz, escritor e investigador venezolano, deixa á marxe eses fantásticos mundos de luz e penetra coa obra que nos ocupa nun territorio pouco transitado pola Literatura Infantil e Xuvenil (de agora en diante LIX): o das sombras, o realismo cruel e as verdades incómodas. En efecto, como xa expuxo cen anos atrás o psiquiatra suízo Carl Gustav Jung: “uno no se ilumina imaginando figuras de luz, sino haciendo consciente la oscuridad”¹. Non é posible comprender o mundo nin a nós mesmos se non nos enfrontamos aos nosos aspectos máis escuros. *Sombras, censuras y tabús en los libros infantiles* é unha obra que busca lanzar algo de luz na escuridade presente na LIX. A obra que nos ocupa está formada por dez capítulos ao longo dos cales Fanuel Hanán presenta varias vertentes dun tema común na materia: a censura, os

¹ A cita referenciada pode atoparse en *Encuentro con la sombra. El poder del lado oculto de la naturaleza humana*, libro publicado en castelán no 1991 pola editorial Kairós.

temas tabú, os contidos realistas, a irrupción do politicamente correcto ou o reto de incluír temas controvertidos nas aulas.

Hanán comeza este poliédrico percorrido cun primeiro capítulo titulado “A censura no discurso para a infancia”. Aínda que se avanzou moito a este respecto, segue habendo temas practicamente vedados na LIX, como a violencia e o sexo. Unha das censuras máis fortes que existen hoxe na literatura infantil, como sinala o autor, é aquela que suprime ou modifica as palabras e expresións malsoantes. Segundo Hanán, estas censuras teñen que ver coa clásica discusión ao redor dos obxectivos da literatura para nenos, traducida na oposición pracer-aprendizaxe. A balanza inclínouse tradicionalmente en favor da aprendizaxe de bos valores, sen ter en conta os verdadeiros intereses e as inquietudes literarias dos pequenos. Ademais, é un feito que a creación de obras literarias infantís está condicionada pola concepción que os autores teñan do lector infantil:

la primera pregunta que se hace un emisor tiene que ver con los temas que puede abordar en esta literatura, si son lejanos o cercanos a la experiencia del lector, si son complejos o sencillos para su comprensión, si deben estar a su alcance o requieren madurez, si pueden causar impacto emocional o son tranquilizadores [...] (p. 11)

14

Neste sentido, os libros infantís máis innovadores serían aqueles que mostran unha maior complexidade, madurez e poden causar certo impacto emocional, como a obra *Donde viven los monstruos* (1963), de Maurice Sendak. Por outra banda, Hanán afirma que, na literatura tradicional para nenos, especialmente nas cancións, os autores recorreron a diversas estratexias para abordar os contidos difíciles ou pouco apropiados, como a violencia ou a guerra, que rebaixaron a súa intensidade mediante o humor, a esaxeración ou o dobre sentido. En calquera caso, a censura na LIX denota un gran descoñecemento dos lectores infantís e dos seus procesos de comprensión.

Tras este primeiro achegamento, no segundo capítulo Hanán aborda os conceptos de tabú e tema tabú en relación coa LIX, así como o punto de vista que adoptan os mediadores para censurar certos contidos. En canto ao concepto que nos ocupa, afirma que “la palabra tabú, que fue introducida al español del vocablo inglés *taboo*, se refiere a prohibiciones, reglas que no pueden quebrantarse y que se erigen como parte de un sistema de preservación en sociedades totémicas, como comer un alimento” (p. 20). A este respecto,

menciona os contos de advertencia tradicionais, como *Carapuchiña Vermella*, en cuxas versións orixinais se presenta unha prohibición que é transgredida polo protagonista, quen por iso se ve envolvido en situacións dantescas que destacan pola súa violencia extrema. Por outra banda, tema tabú é aquel considerado inadecuado para os lectores infantís, baixo a firme crenza de que pode ferir a súa sensibilidade: morte de seres queridos, asasinato, suicidio etc. Hanán subliña a influencia da Pedagogía, en canto a “lo que puede contener o no una ficción para niños y jóvenes” (p. 23). Señala o autor que os temas tabú se transforman co tempo. Uns rematan aceptándose e librándose dese pesado lastre, mentres outros novos instáuranse como temas tabú co transcurso dos anos. O autor chega á conclusión de que practicamente calquera tema foi tratado xa na literatura infantil; con todo, é un feito que a LIX segue dominada por temas e estruturas tradicionais.

O arquetipo de sombra junguiano é o protagonista do terceiro capítulo desta obra. A sombra, desde esta perspectiva, consiste en “aquellos aspectos que nos disgustan y que de alguna manera forman parte del lado oscuro de nuestra personalidad” (p. 5). Sentimentos tales como a envexa ou o desexo de vinganza forman parte desa esfera escura que os seres humanos normalmente reprimimos. As primeiras manifestacións da sombra en literatura infantil déronse nos contos tradicionais, a través de medio-irmás envexosas ou pais desalmados que abandonaban os seus fillos á súa sorte. Hanán afirma que “la sombra es por naturaleza poliédrica, se manifiesta en la esfera de lo irracional, de lo privado, de lo colectivo... y adquiere formas que muchas veces se arropan bajo el disfraz de lo simbólico” (p. 30). O autor alude así a dous tipos de sombra: a sombra profunda, que é irracional e individual e maniféstase mediante sentimentos como a envexa ou a cobiza (exemplos diso podemos ver en *Fox* (2000), de Margaret Wild); e a sombra colectiva, que se trata do lado escuro das sociedades, que pode desembocar na imposición de estados totalitarios ou no estalido de guerras. Hanán escolle como exemplo de manifestación da sombra colectiva o álbum ilustrado *La isla* (2007), de Armin Greder.

No noveno capítulo, Hanán regresa ao concepto junguiano de sombra, do que infire a categoría chamada por el “libros perturbadores”. Asegura o autor que os devanditos libros son aqueles que “producen una sensación de inestabilidad en la mente del lector, dejan sensaciones amargas y pueden causar conmociones en nuestra psique porque son devastadores” (p. 103). Para facer accesible o concepto, Hanán delimita primeiro as fronteiras desta categoría:

o horror e a transgresión están emparentados coa perturbación, mais non son equivalentes, pois a perturbación asóciase de maneira directa coa sombra. Unha vez aclarado o concepto, o autor expón os mecanismos a través dos que se logra a perturbación na LIX: valéndose das imaxes, que poden perturbar por mostrar contidos escabrosos, como en *El árbol rojo* (2001) de Shaun Tan; mediante o tratamento de temas inquietantes como o suicidio (*A trompicones* [1992], de Mirjam Bressler); a través da exploración dos conflitos psicolóxicos dos personaxes (*La casa de Lucie Babbidge* [1989], de Sylvia Cassedy); coa produción de mundos paralelos que derruben a tradicional concepción do tempo e do espazo (*Coraline* [2002], de Neil Gaiman); ou a través de finais pouco esperanzadores (*En la oscuridad* [1991], de Julio Emilio Braz). Todos estes libros son adecuados e moi recomendables para os máis pequenos, que grazas a unha literatura de calidade poderán descubrir diferentes aspectos da sombra, tratalos con naturalidade e asumilos como parte da natureza humana, a cal, como sabemos, non é toda luz.

16

Outra pedra máis no camiño cara a unha LIX sen censuras ten que ver coa imposición do discurso politicamente correcto, abordado por Hanán no cuarto capítulo da presente obra. Trátase dunha corrente nada no ámbito político e que “pretende construír un discurso social aséptico, de tal modo cuidadoso y limpio que termina proponiendo fórmulas paródicas e incluso artificiosas” (p. 41). A corrección política fai fincapé nas connotacións insultantes ou excluíntes de palabras e expresións, transformando a linguaxe. En literatura, especialmente na destinada a nenos, isto comporta a supresión de alusións sexistas ou racistas e comportamentos considerados politicamente incorrectos. As creacións actuais seguen esta tendencia non só polo apoio verdadeiro á causa, senón que, como afirma Hanán, manterse no terreo do aceptado é un seguro de vendas. Por outra banda, o autor sinala que a censura provocada pola corrección política ten efecto retroactivo, chegando a prohibir obras como *Alicia en el País de las Maravillas* moito tempo despois de ser publicada. Un exercicio interesante e moi enriquecedor proposto por Hanán é guiar os pequenos na lectura, para que identifiquen aqueles comportamentos ou situacións discriminatorias. É a maneira máis eficaz de evitar a censura, á vez que sacamos o máximo partido aos clásicos infantís.

Acerca doutra corrente, pero esta vez literaria en lugar de política, trata o quinto capítulo da presente obra. Hanán aborda aquí o Realismo, xurdido na segunda metade do século XIX e presente hoxe na LIX. Asegura o autor que,

especialmente dende os anos 80, moitos autores optaron por escribir libros para nenos nos que se impón a realidade, xa sexa mediante a exposición de situacións cotiás ou mediante o desenvolvemento de contidos máis escabrosos e polémicos. Hanán ocúpase neste artigo de tres aspectos: o realismo crítico na literatura xuvenil, o sentido que ten o realismo na LIX e a ficcionalización da realidade nos libros para nenos. En canto ao primeiro aspecto, grazas a correntes como o realismo crítico e o realismo sucio, incorporáronse á literatura xuvenil temas como a sexualidade, a violencia nas rúas ou a experimentación coas drogas. Destérrase con iso ao heroe virtuoso e empezan a impoñerse os finais abertos ou tráxicos. En canto ao sentido que ten o realismo na LIX, asegura Hanán que axuda a comprender situacións e experiencias que nunca se viviron, o que implica o desenvolvemento da conciencia crítica. Con relación ao último aspecto, o autor céntrase en expoñer, a través de lúcidos exemplos, diversos recursos que posibilitan mostrar os aspectos máis complexos ou ferintes da realidade aos nenos, de maneira que non causen unha conmoción neles: alusión, elipses e acentuación da ficción mediante recursos que salientan a irrealidade, entre outros.

Algúns dos recursos que acabamos de mencionar son desenvolvidos por Hanán de maneira máis extensa no seguinte capítulo: “Lecturas retadoras”. O autor refírese con este termo aos libros infantís e xuvenís que aglutinan nas súas páxinas diversos aspectos innovadores. Libros retadores son aqueles que se afastan dos tradicionais e gastados tópicos, arriscándose con temas máis polémicos e complexos, pero que ademais supoñen un desafío para o lector, pois incorporan recursos e estruturas que dificultan a lectura. Hanán fai referencia aos seguintes recursos: narrativas simultáneas, frecuentes nos libros álbum grazas á convivencia de texto e ilustracións; elipses, “que demandan una participación activa, generan espacios de sentidos muy abiertos que el lector debe completar y al mismo tiempo revelan sin tener que contar” (p. 70), como en *Rosa Blanca* (1985) de Roberto Innocenti; metáforas visuais, que posibilitan a comprensión de ideas por medio de imaxes, como en *El árbol rojo*, de Shaun Tan; e o desenvolvemento de contidos da sombra a través de organizacións do discurso pouco convencionais e a experimentación coa linguaxe, tal e como se mostra en *No comas renacuajos* (2013), de Francisco Montaña.

No seguinte capítulo, Hanán subliña o poder da linguaxe simbólica, que permite a transformación de contidos tomados da realidade en produtos poéticos que sexan máis facilmente asimilables polos lectores infantís. O autor

céntrase de novo nos álbums ilustrados de orientación realista, onde as imaxes, dotadas dun alto grao de autonomía nas mellores producións, expoñen novos significados e suavizan a crueza da narración escrita. O autor propón exemplos de libros álbum como *Camino a casa* (2008), de Jairo Buitrago ou *Diente de León* (2012), de María Varanda, nos que os textos e as imaxes crean narracións simultáneas cargadas de simbolismo, para paliar o impacto de temas tan crueis como as desaparicións por persecución política ou as travesías migratorias. Tamén proporciona Hanán exemplos de álbums ilustrados onde a atención non se dirixe a unha realidade externa e social, senón a unha realidade máis íntima, aínda que igualmente crúa e dolorosa, como a mostrada en *Letras al carbón* (2016), de Irene Vasco.

O desafío que supón para os mediadores incorporar nos seus plans libros controvertidos é o asunto abordado por Hanán no oitavo capítulo. O autor subliña o feito de que os mediadores valoran actualmente a innovación e a creatividade, polo que moitos se atreven a incorporar obras que rompen cos esquemas tradicionais. Con todo, é lóxico que xurdan dúbidas ao redor de como seleccionar os libros, como xustificalos ante os pais ou como traballar os temas difíciles de maneira eficaz. Para seleccionar estes libros, afirma Hanán, hai que deixarse guiar pola calidade. Os libros infantís e xuvenís de calidade son aqueles que “no se agotan en una sola lectura, permiten su relectura y también mirarlos desde distintos ángulos. Son excelentes detonantes para conversar [...]” (p. 96). Ante as dúbidas ao redor de como xustificalos, Hanán afirma que os libros realistas non teñen o obxectivo de escandalizar nin traumatizar aos nenos. Ao contrario, a súa lectura permítelles comprender o mundo no que viven e a ineludible sombra presente na natureza humana. Por último, en canto a como traballalos na aula, Hanán proporciona unha serie de pautas: en primeiro lugar debe impoñerse a intuición, que ditará que libros son os adecuados para cada idade e contexto; en segundo lugar, hai que estar preparado ante todo tipo de reaccións causadas pola lectura; en terceiro lugar, o autor propón contextualizar a obra en cuestión, co obxectivo de guiar e apoiar os lectores.

Para terminar, no último capítulo Hanán aborda varios dos novos temas difíciles que se incorporaron recentemente aos libros infantís e xuvenís, “ya sea porque se trata de fenómenos sociales más visibles que encuentran eco en los libros para niños o porque se integran con mayor énfasis en las coordenadas realistas de esta literatura” (p. 124): a migración, coas súas dolorosas

causas e consecuencias; a automutilación, como trastorno para paliar a dor emocional ou como resposta a traumas ou situacións de abuso e malos tratos; o cuestionamento de Deus e das relixións; o feminicidio, os malos tratos á muller e toda forma de violencia ou abuso derivada de culturas patriarcais; e a diversidade sexual, coa inclusión de personaxes homosexuais, transexuais e familias homoparentais.

En síntese, *Sombras, censuras y tabús en los libros infantiles* demostra que a LIX pode e debe acoller temas afastados do mundo da fantasía. Grazas a Fanuel Hanán penetramos nun territorio escuro que está a estender as súas fronteiras, permitindo a entrada na LIX de temas tan controvertidos como a violencia intrafamiliar, as enfermidades mentais ou a experimentación coas drogas. Debemos entender a importancia de transmitir a nenos e adolescentes contidos literarios realistas, xa que, grazas a eles, desenvolverán a súa conciencia crítica e comprenderán o mundo e a natureza humana dunha forma inocua. *Sombras, censuras y tabús...* é unha obra con abundantes e lúcidos exemplos, que a converte nunha marabillosa guía para mediadores, estudosos e escritores interesados en ampliar o horizonte de lecturas dos máis pequenos.

19

Cristina Demira Romero
Universidad de Castilla-La Mancha

[<https://orcid.org/0000-0002-9470-7271>]